



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ANUNCIO

CONCELLO DE BETANZOS

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local en data 18.07.2025, foi convocada a licitación e foron aprobados os seguintes pregos para a concesión demanial dos postos do Mercado Municipal de Abastos do Concello de Betanzos.

ASUNTO: OUTORGAMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO DOS POSTOS DO INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL, MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS SITO NA RÚA PESCADERÍA, MUNICIPIO DE BETANZOS
EXPEDIENTE:2024/C006/000011

PREGO DE CONDICIÓN QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS DO INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL, ADICADO A EDIFICIO COMERCIAL PARA A VENDA DE ALIMENTACIÓN AO POR MENOR, SITO NA RÚA PESCADERÍA, MUNICIPIO DE BETANZOS.

ÍNDICE

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto, cualificación e réxime xurídico da concesión.
CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de outorgamento da concesión demanial.
CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil de contratante.
CLÁUSULA CUARTA. Canon concesional.
CLÁUSULA QUINTA. Duración da concesión demanial.
CLÁUSULA SEXTA. Extinción da Concesión.
CLÁUSULA SÉTIMA. Dereitos e obrigas do concesionario.
CLÁUSULA OITAVA. Facultades da do Concello de Betanzos.
CLÁUSULA NOVENA. Reversión.
CLÁUSULA DÉCIMA. Acreditación da aptitude para contratar e solvencia.
CLÁUSULA UNDÉCIMA. Presentación de proposicións e documentación administrativa
CLÁUSULA DUODÉCIMA. Criterios de Adjudicación.
CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Mesa de Contratación.
CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de Proposicións. Sobres «A» e «B»
CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Requirimento de documentación
CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Garantía Definitiva.
CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Adjudicación da concesión demanial.
CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Formalización da concesión demanial.
CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Deberes laborais e sociais.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Deberes especiais dos Concesionarios

ANEXO I. Documentación do inmovible.

ANEXO II. Declaración responsable.

ANEXO III. Oferta

ANEXO IV. Declaración de grupo de empresas.

CLÁUSULAS

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto, cualificación e réxime xurídico da concesión e división en lotes.

O presente prego ten por obxecto establecer as condicións, procedemento e forma de adxudicación conforme ás cales se outorgará, en réxime de concorrência competitiva, o uso privativo (concesión demanial) dos postos do inmovible de titularidade municipal, adicado a edificio comercial para a actividade de venda de alimentación ao por menor, sito na Rúa Pescadería (Betanzos).

Como Anexo I ao presente Prego xúntase documentación do inmovible obxecto do presente procedemento para o outorgamento de concesión demanial, no que constan as referencias técnicas, características e fotografías do mesmo.

Dado que o antedito inmovible cuxo uso privativo se pretende concesionar ten a cualificación xurídica de ben de dominio público, o canon para satisfacer ao Concello terá o carácter de taxa, conforme ao disposto no art. 80.7 do Regulamento de Bens das Entidades Locais e do artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

A concesión administrativa de dominio público a outorgar constituirá o título habilitante para o uso privativo do mesmo, segundo se deriva dos artigos 84 e 93 da Lei 33/2003 do 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (en diante LPAP) e do artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (en diante RBEL).

Resulta aplicable ao presente procedemento o disposto no artigo 9 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP, en diante). A preparación e adxudicación da concesión demanial rexerase polo establecido neste Prego, e para o



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

non previsto no mesmo, resultarán de aplicación a LPAP, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o RBEL, e a LCSP. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O uso privativo obxecto desta concesión será única e exclusivamente o de venda ao por menor de alimentación e hostalería a través dos postos que se concesionan mediante o presente procedemento. Os postos e o inmovible obxecto da adxudicación entregárase ao concesionario nas condicións en que se atopa actualmente, en perfecto estado de uso para a actividade referida, así como a realización, previa autorización escrita do Concello de Betanzos, das adaptacións que estime pertinentes ou necesarias.

O concesionario está obrigado a cumprir as normas e disposicións vixentes que lle sexan de aplicación en canto á venda de alimentos, horarios de apertura e medidas de seguridade. Ademais, deberá respectar calquera obriga que se especifique nas ordenanzas municipais como poden ser as reguladoras das terrazas, quioscos, postos e outras actividades comerciais.

Debido a que a natureza e obxecto da presente concesión demanial permiten desenvolver actividades de xeito independente, o Concello de Betanzos decide concesionar o presente contrato mediante a división en lotes.

POSTOS

O procedemento de concesión demanial dividírase en varios lotes que están recollidos no plano como ANEXO I e que son os que a continuación se especifican:

LOTE	UBICACIÓN (no plano ANEXO I)	USOS
1	POSTO 1 (0.02a e 0.02b)	Cafetería/bar con saída á rúa e terraza
2	POSTO 2 (0.02c)	HOSTALERIA TRADICIONAL: (especializados en cocina galega, ou gastronomía local, permítese comida preparada e para levar)
3	POSTO 3 (0.02d)	CARNICERÍA E EMBUTIDOS
4	POSTO 4 (0.02f)	PEIXERÍA



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

5	POSTO 5 (1.03a)	HOSTALERIA TRADICIONAL: (especializados en cocina galega, ou gastronomía local, permítese comida preparada e para levar)
6	POSTO 6 (1.03b)	FROITERÍA E VERDURAS
7	POSTO 7 (1.03d)	HOSTALERÍA INTERNACIONAL OU FUSIÓN: (especializados en cocina internacional, ou gastronomía fusión, permítese comida preparada e para levar)
8	POSTO 8 (1.03e)	PANADERÍA, DELICATESSEN E OUTROS PRODUTOS ALIMENTARIOS.
9	POSTO 9 (1.03f)	HOSTALERÍA INTERNACIONAL OU FUSIÓN: (especializados en cocina internacional, ou gastronomía fusión, permítese comida preparada e para levar)
10	POSTO 10 (2.02)	CAFETERÍA SUPERIOR

CARACTERÍSTICAS

- Todos os postos aquí referidos inclúen o seu almacén incorporado a este espazo (en diante posto) e entréganse para o seu uso sen equipamento algún salvo un lavadoiro/fregadoiro e un mostrador frontal móbil con acabado en taboleiro sintético de imitación madeira e coa instalación individualizada de tódolos servizos (saneamento, fontanería e instalación eléctrica/iluminación) incluída a de extracción de fumes a cuberta.

Calquera outra instalación, equipamento, decoración, maquinaria, etc...deberá ser autorizada previamente polo concello e o seu custo deberá ser asumido polo adxudicatario de cadanseu posto.

- Dentro do límite de cada posto, previa autorización municipal e de ser necesario para o desenvolvemento da actividade, os adxudicatarios poderán:
 - Substituír o dito mostrador frontal por outro tipo acorde ao estilo interior do mercado.
 - Realizar calquera instalación, dotación ou equipamento necesario (cámara frigorífica, pranchas, fritadeira, forno ou similares para cociñar ou realizar a actividade prevista, extractor de fumes, neveiras, lavalouza, etc...)



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- No exterior de cada un dos postos poderase rotular o nome de cada un deles sempre baixo a guía de marca e estilo proporcionada polo Concello, interiormente cada posto terá liberdade para equipar/decorar segundo a súa marca/estilo sen restrición algunha.

A maquinaria será achegada polo concesionario e será da súa propiedade tras a finalización do período.

Os licitadores que pretendan presentarse ao presente procedemento de concesión poderán licitar a máis dun lote, polo que non se impoñen limitacións na participación. As proposicións conxuntas deberán respectar as condicións e produtos a ofertar en cada lote.

Os licitadores poderán expresar na súa oferta a prelación de postos que prefiren. No caso de que haxa postos que queden baleiros, poderáanse ofertar en procedemento negociado sen publicidade aos licitadores que ofertaron a outros postos e non resultaron adxudicatarios.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de outorgamento da concesión demanial.

O outorgamento da concesión demanial efectuarase en réxime de concorrência competitiva, consonte ao disposto no artigo 93.1 da Lei 33/2003 do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

A forma de adxudicación da concesión será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato. Para a valoración das proposicións seguirase o disposto na Cláusula duodécima do presente prego.

O órgano competente para a adxudicación da presente concesión demanial será a Xunta de goberno local do Concello de Betanzos, en virtude do disposto na normativa aplicable reguladora do réxime local.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil de contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, dispón do correspondente Perfil de Contratante, ao que se terá acceso no seguinte enlace web:

<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b1/jc7LDolwEAXQb-EDzIx9YZdFaakxiihouzFdGIPhsTF-v2jcgs5uknNzL3hwMyL5ggohGZzBd->



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

[FZ38Kj7rvQvH8vLqpK98pKiqblUyRJEQumdxSRDMANgNMLq9ZVLg7WINpMrzblnKMh4r88jpbzCX_kT
-GmCXzA18QMmNmyzvr2CG1g8WmQQjuASaH2jpb2zoKLoBWlhCl0!/dl4/d5/
L2dBISEvZ0FBIS9nQSEh/pw/Z7_AVEQAi930GRPE02BR764FO30G0/act/id=0/
p=javax.servlet.include.path_info=QCPjspQCPlistPerfilesQCPAdminAFPListPerfPortletAppView.jsp/
588339391410/-/](https://www.betanzos.net/portal/verificarCvd?codigo=588339391410&tipo=1)

CLÁUSULA CUARTA. Canon concesional.

O canon a satisfacer polo adxudicatario ao Concello será o resultante da licitación, e non estará suxeito a IVE, de conformidade co artigo 7.9 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

De acordo coa Ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa por prestación de servizos nos mercados municipais, o canon mínimo a ofertar polos licitadores a favor do Concello e por cada ún dos lotes cífrase nas seguintes contías:

Para os lotes o canon mínimo será:

LOTE 4 e 6: 216,96 euros anuais por cada ún dos lotes.

LOTE 1 e 10: 1.533,12 euros anuais por cada ún dos lotes

RESTO DE LOTES: 766,56 euros anuais por cada ún dos lotes.

O antedito canon mínimo é mellorable á alza. Os licitadores, xa que logo, poderán libremente formular a súa proposta á alza de canon. Serán automaticamente excluídas as propostas de canon anual inferiores ao mínimo antes definido.

No canon a satisfacer non se atopan incluídos ningún tipo de obras e/ou investimentos que o concesionario deba acometer no inmovible durante a vixencia da concesión, por mandato do disposto no presente Prego, por necesidades derivadas da utilización do inmovible, ou por resultar pertinentes para o seu uso comercial, os cales correrán a conta do concesionario.

O canon aboarase mediante transferencia bancaria á conta que designe o Concello de Betanzos, dentro dos primeiros quince días de cada ano natural, previa emisión dun documento contable de liquidación. No ano en que se comece a vixencia da concesión demanial, dentro dos dez días seguintes á formalización da mesma en documento público, o Concello de Betanzos emitirá o correspondente documento contable de liquidación polo importe proporcional do canon anual que estará obrigado a aboar polo que reste de ano natural. O efectivo aboamento do mesmo deberá efectuarse dentro dos cinco días seguintes á remisión do mentado documento.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

No ano en que finalice a concesión demanial, o concesionario está obrigado a aboarlle ao Concello de Betanzos en concepto de canon a cantidade proporcional aos meses e días que resten ate a extinción do título habilitante.

CLÁUSULA QUINTA. Duración da concesión demanial.

A duración da concesión será de 10 anos, contados a partires da data da súa efectiva formalización en documento administrativo. Contemplase a posibilidade de prórroga por dous anos.

A concesión será prorrogable obrigatoriamente por un (1) ano adicional e, a continuación, por un (1) ano máis, ata un máximo total de dous anos de prórroga, doce anos 10 de concesión en total e dous de prórroga (1+1), sempre que:

- O concesionario cumpra con todas as obrigas derivadas do contrato.
- Non exista causa de interese público debidamente motivada que xustifique a non continuidade da concesión.

A prórroga será automática e obligatoria para o concesionario se se cumpren as condicións anteriores e acordarase polo órgano competente con tres meses de antelación á ocupación e deberá formalizarse mediante documento administrativo.

CLÁUSULA SEXTA. Extinción da Concesión.

A concesión outorgada extinguirase:

- Por vencemento do prazo.
- Por desaparición do ben sobre o que foi outorgada.
- Por desafectación do ben sobre o que foi outorgada.
- Pola non obtención da adhesión á marca Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ou polo non cumprimento das condicións principais ofertadas na memoria ou plan de negocio.
- Por renuncia do concesionario.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- Por rescate.
- Por resolución xudicial.

CLÁUSULA SÉTIMA. Dereitos e obrigas do concesionario.

Dereitos:

-Utilizar as instalacións obxecto da explotación perante a xestión e explotación da actividade de venda de alimentación ao por menor, usando a tal efecto e de forma privativa, limitativa e excluínte do/s posto/s do inmovible de dominio público obxecto da concesión.

-Recibir do Concello as instalacións en bo estado de uso para a actividade de supermercado.

-Percibir directamente dos clientes o prezo dos artigos de alimentación á venda no inmovible obxecto da concesión.

-Recibir do Concello a colaboración precisa en canto á xestión e correcto desenvolvemento da actividade económica a executar no inmovible concesionado.

-Recibir a indemnización correspondente no caso de rescate anticipado da concesión, segundo o disposto no párrafo d) do artigo 100 da LPAP.

Obrigas:

-Obter as previas licenzas e autorizacións pertinentes para o exercicio da actividade no inmovible concesionado.

-Abonar o canon de concesión, con periodicidade anual, mediante transferencia bancaria no número de conta que determine o Concello de Betanzos.

-Manter en bo estado o inmovible concesionado e os seus espazos exteriores adxacentes, conservando e reparando axeitadamente as construcións e instalacións, así como efectuar o mantemento das mesmas segundo o que dispoña a normativa en cada momento aplicable e vixente, sendo ao seu cargo os gastos que de dito mantemento se deriven.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

-Adaptar as instalacións aos requisitos que en cada momento sexan esixidos pola normativa para o exercicio da actividade propia do concesionario.

-Abandonar e deixar libres ao dispor da Entidade Local, á finalización da concesión, os bens concesionados. En caso de incumprimento desta condición, o Concello de Betanzos quedará facultado para acordar e executar o lanzamento, sen que o concesionario poida invocar dereito algún fronte ao mesmo.

-Sufragar todos os gastos derivados da prestación da actividade desenvolvida no inmovible obxecto de concesión, e en particular calquera tipo de subministracións.

-Responder dos danos que poidan irrogarse a terceiras persoas ou aos seus bens como consecuencia da explotación que se desenvolverá no inmovible obxecto de concesión demanial, mantendo a tal fin en vigor durante a vixencia da mesma un seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 100.000 €. Unha copia da póliza, así como os recibos do pago da prima anual, deberán ser entregados polo adxudicatario ao Concello, no caso de que sexa requirido ao efecto.

-Asumir os custes da reparación dos danos ocasionados no inmovible concesionado a consecuencia da utilización do mesmo, ou daqueles que se produzan durante a duración da concesión. A tal fin, o concesionario quedará obrigado a subscribir unha póliza de seguro específica con cobertura multirrisco, que inclúa alomenos incendios, inundacións e actos vandálicos, por un importe mínimo asegurado de 80.000 Euros. Unha copia da póliza, así como os recibos do pago da prima anual, deberán ser entregados polo adxudicatario ao Concello, no caso de que sexa requirido ao efecto.

-Exercer directamente a actividade a través dos postos obxecto de concesión, non podendo ceder ou traspasar a terceiros o título concesional habilitante sen a expresa autorización do Concello de Betanzos e consonte ao disposto na normativa aplicable.

-Cumprir coas obrigas en materia laboral e social que se especifican no presente Prego.

- Pago dos impostos e recibos por lixo, auga e electricidade de cada local, así como todos aqueles que lles correspondan.

-Aboar os gastos ocasionados pola publicación dos anuncios de licitación e formalización do título habilitante.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

CLÁUSULA OITAVA. Facultades do Concello de Betanzos.

Antes do inicio do presente procedemento, o Concello verificou as condicións de uso do inmovible a concesión, determinándose que se atopa nun estado apto para o desenvolvemento propio da actividade prevista.

O Concello de Betanzos poderá deixar sen efecto a concesión antes do vencemento da mesma, se o xustificaren circunstancias sobrevindas de interese público, resarcindo, se procedese, os danos que se derivasen de dita decisión.

Así mesmo, o Concello poderá inspeccionar en calquera momento o inmovible obxecto da concesión demanial.

CLÁUSULA NOVENA. Reversión.

Previamente ao comezo da actividade do concesionario efectuarase unha nova inspección e inventario de bens, equipos e instalacións, que recollerá o seu estado exacto previo á súa posta ao dispor do concesionario. Ao termo do prazo da concesión, reverterán á Corporación os bens obxecto da concesión, debendo o contratista entregalos no estado de conservación e funcionamento axeitados.

O concesionario terá dereito a recuperar, ao final da concesión administrativa, todos aqueles elementos desmontables e maquinaria que, á vista do inventario antes referido, fosen sufragados e instalados polo concesionario para o exercicio da actividade. Os elementos, instalacións e obras executadas que non sexan desmontables, incluíndo expresamente as instalacións principais e/ou de complemento das de climatización, saneamento e subministración eléctrica do inmovible concesionado, reverterán ao Concello de Betanzos, sen que proceda indemnización algunha ao concesionario polos gastos sufragados por execución dos mesmos.

Durante o período de tempo anterior á reversión, o órgano competente do Concello de Betanzos adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se acometa nas condicións convidadas.

CLÁUSULA DÉCIMA. Acreditación da aptitude para contratar e solvencia.

Os licitadores deberán cumprir o seguinte

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- Posesión dos títulos que habiliten á persoa solicitante para o exercicio da actividade á que vaia dedicar o posto e, máis concretamente cando se trate de venda de produtos alimenticios, do carné de persoa manipulador/a de alimentos e demais habilitacións esixibles.
- Estar ao corrente no aboamento das cotizacións á Seguridade Social.
- Dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles riscos derivados da súa actividade.
- Estar ao día no aboamento de impostos e taxas ao Concello, e acreditar non ter débedas coa Axencia Tributaria nin a ATRIGA.

Ademais das condicións xerais esixidas, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución da explotación permitida coa autorización.

O autorizado asumirá a total responsabilidade da execución da explotación dos postos fronte ao Concello de Betanzos e usuarios axustándose estritamente aos pregos, á normativa de aplicación a mercados e ás Ordenanzas Municipais vixentes en cada momento.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

A presentación das ofertas realizarase preferentemente a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Na presentación electrónica de ofertas os licitadores achegarán os seus documentos en formato electrónico, autenticados mediante firma electrónica utilizando un dos certificados recoñecidos incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación” establecidos en España.

Se non dispuxesen dos documentos no devandito formato, porque foron emitidos orixinalmente en soporte papel, achegarán copias dixitalizadas.

O órgano competente solicitará doutros órganos e rexistros das Administracións e entidades públicas a consulta e transmisión electrónica de datos e documentos que se requiran referentes á capacidade e solvencia dos licitadores, salvo que conste a súa oposición expresa.

No caso de que concorresen persoas non obrigadas a relacionarse coa Administración por medios electrónicos, de acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e opten pola presentación física da súa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

proposición, poderán facelo entregando os distintos sobres no Rexistro Xeral do Concello de Betanzos (Praza de Galicia nº1, CP 15300), en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas na forma indicada no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. Cando as proposicións se envíen a través de lugar distinto ó Rexistro de Entrada do Concello, o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío en Correos e comunicarlle ao Servizo de Contratación mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día a remisión da oferta (fax. 981776529).

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 5 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Condicións previas

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao prego e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada entidade licitadora non poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción desta norma dará lugar á non admisión de todas as propostas por él subscritas.

Todos os documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do galego ou do castelán, deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas.

Os licitadores comprométense a manter as súas ofertas por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das proposicións.

Lugar e prazo de presentación de ofertas

O Concello de Betanzos publicará un anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público e no Boletín Oficial da Provincia. **O prazo de presentación de ofertas será de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.**



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Todas as fases do procedemento de contratación, incluídas as que correspondan realizar aos licitadores ou candidatos, realizaranse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. No caso de licitadores que non estean obrigados a relacionarse por medios electrónicos e elixisen esta opción, a notificación das resolucións e actos administrativos dirixidos a eles practicarase na forma que establece o artigo 42 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Poderán modificar o medio de notificación en calquera momento do procedemento.

As proposicións que non se presenten na forma que determina este prego serán excluídas.

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva, deberá presentaranse dentro do prazo sinalado no anuncio da licitación no perfil do contratante. A hora de finalización de presentación das ofertas será as 14:00 horas.

A oferta electrónica e calquera outro documento que a acompañe deberán estar asinados electronicamente por algún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Para garantir a confidencialidade do contido dos sobres até o momento da súa apertura, a Plataforma electrónica de contratación cifrará devanditos sobres no envío. No caso de sobres en papel, serán custodiados pola secretaría municipal.

A partires da publicación do presente Prego na Plataforma de contratación e no perfil do contratante municipal, os interesados en tomar parte no procedemento para a adxudicación da concesión demanial de referencia poderán solicitar perante o Concello de Betanzos a visita ás instalacións que serán obxecto da antedita concesión. A tal fin, cursarán as súas solicitudes por vía telefónica, no número de teléfono 981 770 011, en horario de 9 a 14 horas.

As visitas levaranse a cabo dentro dos dez (10) primeiros días do prazo de presentación de solicitudes de participación no procedemento, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Acceso á información técnica sobre o uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos no procedemento

A información e as especificacións técnicas necesarias para a presentación electrónica das ofertas, incluído o cifrado e a validación da data, estarán dispoñibles no Portal de licitación electrónica do



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Concello de Betanzos, aloxado na Plataforma de contratación do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

Contido das proposicións

Os interesados en participar presentarán TRES SOBRES asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar en cada un dos sobres o título do procedemento, nome do interesado, dirección, teléfono e fax, correo electrónico para os efectos de notificacións.

Os ditos sobres denominaranse coas letras A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, letra B: CRITERIOS XUÍZO DE VALOR, e letra C: OFERTA. Dentro do SOBRE A (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA) incluírase a seguinte documentación:

SOBRE A

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Declaración xurada conforme ao ANEXO I destas Bases, debidamente cumprimentada e asinada polo licitador.

Dentro do SOBRE B incluírase a seguinte documentación:

MEMORIA

Dentro do SOBRE C incluírase a seguinte documentación:

- ANEXO II destas Bases debidamente cumprimentado.

A presentación da documentación correspondente ao sobre C nalgún dos demais sobres, supón a inmediata exclusión do licitador.

SOBRE ELECTRÓNICO «A»
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA XERAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

A) Declaración Responsable da persoa ou empresa licitadora indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

As empresas licitadoras acreditarán o cumprimento dos requisitos previos de acceso mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Declaración responsable asinada pola persoa ou empresa licitadora que se presentará seguindo o formulario do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), asinado pola persoa ou empresa licitadora segundo o modelo contido no Anexo II do Regulamento de Execución (UE) 2016/7 da Comisión de 5 de xaneiro de 2016 polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación (DOUE 06.01.2016), cumprimentado de conformidade co indicado na Resolución de 6 de abril de 2016, da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, pola que se publica a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a utilización do Documento Europeo Único de Contratación previsto na nova Directiva de contratación pública (BOE núm. 08.04.2016).

Para poder cumprimentar o Anexo referido á declaración responsable mediante o modelo normalizado Documento Único Europeo de Contratación (DEUC) os licitadores utilizarán o documento situado na seguinte URL:

<https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd>

Os licitadores poden consultar as “Instrucións para cumprimentar o anexo Documento Único Europeo de Contratación (DEUC) polos licitadores” publicadas na seguinte URL:

<https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/d7ff1f74-0931-4821-b423-dcb2689347d3/DOC20180731104926Instrucciones+cumplimentacion+DEUC.pdf?MOD=AJPERES>

Se varias empresas concorren constituíndo unha unión temporal, cada unha das que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia, presentando todas e cada una a correspondente declaración responsable segundo o formulario normalizado do DEUC.

b) Unha declaración responsable previa que se axustará ao Modelo de Declaración Responsable incluído como Anexo II a este Prego, que incorpore os datos identificativos do licitador, onde se indicará o nome do representante, DNI, CIF da empresa, enderezo, número de teléfono e designación dunha dirección de correo electrónico onde efectuar as notificacións, que deberá ser



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

habilitada conforme a Disposición Adicional DÉCIMOQuinta da LCSP, agás que a mesma figure no DEUC.

B) Unións temporais de empresas. En caso de concorrer en UTE, indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 69 LCSP e o presente Prego.

C) Declaración de empresas vinculadas. (Anexo IV ao presente Prego). No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

D) A referencia da inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, indicarán o número de inscrición no Rexistro ou acompañarán unha fotocopia simple do documento acreditativo de inscrición onde se recollan os extremos a que se refire os artigos 338 e 339 da LCSP; sen prexuízo de que a Administración solicite aqueles datos ou documentos que estime necesarios co fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos.

E) Empresas estranxeiras. Ademais das declaracións responsables a que se refiren os parágrafos anteriores, as empresas estranxeiras deberán achegar:

1) Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

2) No caso das empresas non comunitarias deberán presentar ademais o Informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68.1 LCSP coas excepcións previstas no mesmo.

3) Sucursal en España e designación de apoderados: Ademais da declaración responsable a que se refiren os apartados anteriores, as empresas non comunitarias, deberán achegar un compromiso de apertura dunha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Os documentos acreditativos da personalidade, capacidade e solvencia só serán esixidos ao contratista proposto como adxudicatario. Por tanto, no sobre A só se incluírá o DEUC e a declaración responsable a que se refire este apartado desta cláusula, agás que o licitador deba incluír na mesma, polas circunstancias nas que concorre a esta licitación, a documentación adicional sinalada nos apartados precedentes.

En todo caso, o órgano de contratación poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación, que os licitadores achegar documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

SOBRE ELECTRÓNICO «B»
MEMORIA

SOBRE ELECTRÓNICO «C»
Proposición económica e criterios cuantificables de forma automática

Presentarase conforme ao modelo que figura como Anexo III deste Prego.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Criterios de Adxudicación.

12.1 CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE B)

Elaboración dunha memoria. Máximo 30 puntos

Nesta memoria exporase o Plan de xestión do posto e se propoña o modo de funcionamento do negocio coa explicación das responsabilidades asumidas, así como a traxectoria da empresa e a proposta do servizo. Incluídas posibles melloras:

1. Plan de xestión do posto. Ata 15 puntos.

Debe de ser un plan deseñado para asegurar a calidade do servizo, a rendibilidade e o cumprimento dos obxectivos do negocio. Neste plan debe incluírse:

- 1.A) O obxectivo do establecemento. Ata 3 puntos
- 1.B) A estrutura organizativa con especial atención ás finanzas e contabilidade, Mercadotecnia e redes sociais, recursos humanos e formación, cadea de subministración e loxística e plans de continxencia. Ata 10 puntos
- 1.E) Cronograma do primeiro ano. Ata 2 puntos.

2. Proposta gastronómica e/ou de produto. Ata 10 puntos.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Nesta proposición valoraranse as ofertas que acheguen fórmulas gastronómicas ou de produto coas seguintes características:

- Valorarase a proposta gastronómica elaborada e/ou deseñada por cociñeiros de recoñecido prestixio. Ata 4 puntos
- Mestura de cociña tradicional e cociña fusión. Valorarase a proposta gastronómica que supoña innovación coa cociña tradicional e fusión ou internacional. Ata 3 puntos.
- Compromiso de variación cada certo tempo ou innovación na carta. 2 puntos
- Outros: 1 punto.

Posibles melloras Ata 5 puntos (máximo).

As melloras propostas farán referencia a estes aspectos achegados polo concesionario que promova a dinamización da actividade do mercado, a gastronomía galega e a sustentabilidade (non se valorarán outras):

- Impulso de dinámicas de traballo sustentable, cun impacto positivo na contorna de Betanzos. Concibindo a sustentabilidade desde unha visión ampla: persoas, medio ambiente e económica. Ata 2 puntos.
- Colaboración e promoción de artesáns e provedores locais. Ata 1 punto.
- Política de contratación inclusiva e solidaria. Ata 1 punto.
- Colaboración con organizacións locais. Ata 1 punto.

As ofertas do sobre c deben presentarse de acordo co Anexo III do prego.

As ofertas de hostalaría serán ponderadas de forma que non se poidan repetir máis de dúas propostas gastronómicas da mesma tipoloxía: unha vez realizada a valoración económica, no caso de que existan ofertas gastronómicas coincidentes en postos distintos, quedará automaticamente excluída a proposta menos vantaxosa entre as coincidentes, coa finalidade de garantir a diversidade da oferta no mercado.

CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA 70 PUNTOS (SOBRE C)

As ofertas deben presentarse de acordo co Anexo III do prego. Para a valoración das proposicións valorarase nun máximo de 65 puntos o prezo e 5 puntos a adhesión á marca Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (<http://marcabiosfera.marinasbetanzos.gal/es/presentacion/>), conforme ao seguinte:

Prezo (máximo 65 puntos): a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase á mellora á alza, por parte dos licitadores, da contía a satisfacer en concepto de canon concesional anual. As ofertas dos licitadores ordenaranse de forma decrecente, valorándose en 65 puntos a oferta do licitador que presente a oferta económica de maior contía (importe mínimo).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

A comparación das ofertas dos licitadores realizarase utilizando o canon anual sen IVE.

Para o seu desenvolvemento e aplicación aplicarase a fórmula de cálculo desenvolta en virtude dun convenio de investigación entre a Deputación provincial da Coruña e o Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, dispoñible na dirección: <https://www.dacoruna.gal/valoracion/>
Fórmula a utilizar: Fórmula de 2020

Adhesión á marca Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (5 puntos): Se os licitadores están adheridas á marca outorgaráselle os 5 puntos restantes. Para acreditar a adhesión os licitadores deberán aportar a documentación antes da adxudicación.

Compromiso de adhesión á marca Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (2 puntos): Se os licitadores están adheridas á marca outorgaráselle os 2 puntos. Para acreditar o compromiso adhesión os licitadores deberán achegar a documentación que o xustifique. Esta puntuación é incompatible coa anterior.

O canon a satisfacer polo adxudicatario ao Concello será o resultante da licitación, e non estará suxeito a IVE, de conformidade co artigo 7.9 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

No canon a satisfacer non se atopan incluídos ningún tipo de obras e/ou investimentos que o concesionario deba acometer no inmovible durante a vixencia da concesión, por mandato do disposto no presente Prego, por necesidades derivadas da utilización do inmovible, ou por resultar pertinentes para o seu uso comercial, os cales correrán a conta do concesionario.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Mesa de Contratación.

A Mesa de contratación será o órgano de asistencia técnica especializada do órgano de contratación e será a competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que se lle atribúan na LCSP e no seu desenvolvemento regulamentario:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

a) A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141 da LCSP e, no seu caso, acordar a exclusión das e dos candidatos ou licitadores que non acrediten este cumprimento, previo trámite de emenda.

b) A avaliación das proposicións das persoas licitadoras.

c) No seu caso, a proposta sobre a cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, previa tramitación do procedemento ao que se refire o artigo 149 da LCSP.

d) A proposta ao órgano de Contratación de adxudicación do contrato a favor da ou do licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

A súa composición está publicada neste enlace:
https://sede.betanzos.gal/sxc/es/informacion/tablon/2024/ANUNCIO_PROG_20240429150000090.html

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de Proposicións. Sobres «A» e «B»

A Mesa de Contratación constituirase tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, na data e hora que se indique no Perfil do contratante, e procederá acto seguido á apertura dos sobres electrónicos «A» e á cualificación da documentación administrativa contida nos mesmos. Polo que respecta a dita cualificación, estarase ao disposto nos artigos 146 e seguintes da LCSP.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada.

Unha vez cualificada a documentación dos sobres electrónicos "A", e transcorridos no seu caso os prazos outorgados a efectos de subsanación, convocarase novo acto público, no que se informará dos resultados daquela cualificación e se procederá a realizar a apertura dos sobres electrónicos "B". Abertos os anteditos sobres, a Mesa de Contratación, aplicando os criterios de adxudicación previstos na cláusula duodécima do presente Prego, propoñerá ao órgano de contratación a adxudicación da concesión demanial a aquel licitado que tiver obtivo a puntuación máis alta conforme ao estipulado na cláusula duodécima.

No caso de que algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, non alcanzase o importe mínimo de canon anual vinculante establecido no presente Prego, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será descartada pola mesa, en resolución motivada (artigo 84 do RGLCAP).

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Requirimento de documentación

O órgano de contratación, unha vez aceptada a proposta da Mesa relativa á clasificación das ofertas, requirirá á persoa ou empresa licitadora que presente a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da LCSP, así como de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente. En concreto, haberá de presentar a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP:

A). Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos:

1. Certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se o licitador non estivese inscrito, deberá presentar:



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

(a) A capacidade de obrar das empresarias e empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible segundo a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose a acreditación da capacidade de obrar realizárase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

(b) Cando se trate de persoas empresarias non españolas que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea ou de estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), en función dos diferentes contratos.

(c) As demais empresarias e empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación por parte da empresa, que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

(d) Así mesmo, as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola misión diplomática permanente española, na que se faga constar que o estado de orixe da empresa admite, pola súa vez, a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

(e) Finalmente, deberán achegar documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil (artigo 68.2 LCSP).

(f) Tanto as empresas estranxeiras comunitarias como non comunitarias presentarán unha declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todos os incidentes que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (artigo 140.1.f) LCSP).

(g) Se é persoa física, o documento que acredite a súa personalidade (documento nacional de identidade para persoas españolas; pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo, no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiras).

(h) Se o asinante da proposición actúa en calidade de representante da ou do licitador, deberá achegarse o documento que acredite a personalidade deste representante (DNI para españois; pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros) e, ademais, poder bastantado en dereito ao seu favor, debidamente inscrito no rexistro oficial correspondente que habilite para concorrer á formalización de contratos coas administracións públicas.

(i) No caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal de empresas, documento público de constitución en UTE e CIF da mesma no caso de resultar adjudicatarias, de conformidade co artigo 69 da LCSP, que incluírá a participación de cada unha delas designando a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, desempeñará a representación da unión temporal ante a Administración.

2. Poder debidamente bastantado.

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou Persoa Xurídica deberá acompañarse Poder Notarial para representar á Persoa ou Entidade en cuxo nome actuará ante a Administración Contratante.

Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co artigo 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

Os poderes a que se refire o apartado anterior deberán bastantarse previamente polo Secretario Xeral da Corporación ou por unha funcionario/a habilitado ou un fedatario público.

3. Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica:



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

As licitadoras e licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica nos termos e polos medios que se especifiquen no anuncio de licitación e que se relacionan nas cláusulas particulares deste prego, onde se especifican os requisitos mínimos.

Para a determinación da solvencia das unións temporais de empresarias cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e as circunstancias das e dos empresarios que subscriben as proposicións e as características acreditadas por cada unha e cada un dos seus integrantes.

As e os licitadores poderán acreditar a súa solvencia baseándose na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato vai dispoñer efectivamente desa solvencia e medios, e que a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

B) Documentación necesaria para a adxudicación do contrato:

1. Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias co Estado, a Comunidade Autónoma e o Concello de Betanzos, ou autorización ao órgano de contratación para obter de modo directo a acreditación do seguinte:

(a) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RXLCAP.

(b) Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) e último recibo de pago. Fotocopia compulsada do alta e do último recibo do IAE, con indicación do epígrafe ou epígrafes correspondentes e clase (Municipal, Provincial ou Nacional). Non obstante, este último requisito (recibo) non será exixible cando a alta sexa recente e non xurdise aínda a obriga de pago. Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse, ben mediante certificación da exención outorgada polo órgano competente, ou ben mediante declaración responsable de atoparse exento segundo o establecido no artigo 82.1.c) de dita lei.

(c) Ademais, o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa, non deberá ter débedas en período executivo de pago co Concello de Betanzos, agás que estas estivesen debidamente garantidas. O certificado que acredite a inexistencia de débedas achegarase de oficio polo Concello.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

As certificacións anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do RXLCAP.

2. Cumprimento dos deberes coa Seguridade Social: Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de modo directo a acreditación disto, a través dunha certificación positiva expedida pola Tesouraría da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 14 e 15 do RXLCAP.

3. Documentación acreditativa da contratación e vixencia das pólizas de seguros esixidas no presente Prego.

4. Documento que acredite a constitución da garantía definitiva.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta. Neste suposto, procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Garantía Definitiva.

O licitador que presentase a mellor oferta deberá acreditar a constitución da garantía definitiva, por importe do 5% do canon anual vinculante ofertado. Esta garantía poderá prestarse nalguna das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento da LCSP. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou desta entidade local contratante, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento da LCSP establezan, sen prexuízo do disposto para os contratos que se celebren no estranxeiro.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento da LCSP, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía definitiva, que responderá polos conceptos incluídos no artigo 110 da LCSP, non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de duración da concesión demanial ou se proceda ao seu rescate.

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía definitiva as penalidades ou indemnizacións esixibles ao concesionario, este deberá repor ou ampliar aquela, na contía que corresponda, no prazo de quince días naturais desde a execución, incorrendo en caso contrario en causa de resolución.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Adxudicación da concesión demanial.

Recibida, verificada e declarada pertinente a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar a concesión demanial. Non poderá declararse deserto o procedemento para a adxudicación da mesma no caso de terse presentado algunha oferta que resulte admisible de acordo cos criterios que figuran no presente Prego.

A adxudicación deberá ser motivada, e notificarase aos candidatos ou licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Formalización da concesión demanial.

A formalización da concesión demanial en documento administrativo efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo da súa exclusiva conta os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Deberes laborais e sociais.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

O outorgamento da concesión non suporá en ningún caso a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o persoal que o concesionario empregue para o desenvolvemento da súa actividade no inmovible concesionado. Á extinción da concesión non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello de Betanzos.

O persoal preciso para a execución do xiro ou tráfico mercantil propio do concesionario dependerá exclusivamente do mesmo, o cal ostentará todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a administración titular do inmovible a concesionar allea ás referidas relacións. Xa que logo, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación con aquela administración, nin esixírselle á mesma responsabilidades de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre o concesionario e os seu persoal empregado, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do título concesional.

O concesionario obrígase expresamente a retribuír axeitadamente ao seu persoal, respectando en todo caso os convenios colectivos aplicables a cada categoría profesional, e asumindo de forma directa e non trasladable á administración o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole.

O concesionario queda obrigado, respecto do seu persoal, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento. No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores e traballadoras con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o concesionario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo á administración concedente.

É responsabilidade do concesionario e dos seus encargados impartir aos seus traballadores todas as ordes e directrices para a realización do seu traballo, sendo a Administración Pública allea a estas relacións laborais. Correspóndelle asimesmo ao concesionario a vixilancia do horario de traballo do persoal traballador, as posibles licenzas horarias ou permisos, ou calquera outras manifestacións das facultades do empregador.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

É responsabilidade do concesionario facilitarlle aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a termo o seu traballo, agás aqueles que, se é o caso, se indiquen no Prego de Prescricións Técnicas.

O concesionario e/ou o seu persoal responderán civil e no seu caso penalmente dos danos ou subtraccións que se produzan nas instalacións con ocasión da prestación do traballo, sempre que sexan consecuencia dunha incorrecta praxe pola súa parte, debendo cumprir o disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que a mesma alcance de ningún xeito ao Concello de Betanzos.

O Concello quedará exonerado de calquera responsabilidade polos incumprimentos do concesionario en materia laboral, de seguridade social e de seguridade no traballo, repercutindo a dito concesionario calquera sanción que as Administracións competentes puidesen impor ao Concello subsidiariamente como consecuencia de incumprimentos na materia de persoal afecto á explotación a desenvolver no inmovible concesionado, sen prexuízo da penalización que ademais poida imporse.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Deberes especiais dos Concesionarios

A) DEBERES CONXUNTOS

1. O conxunto dos concesionarios deberán constituírse obrigatoriamente (no prazo máximo dun mes dende a formalización dos contratos) en asociación para poder levar en común as seguintes actuacións -Achégase un borrador de estatutos para esclarecer os dereitos e obrigas dos concesionarios, que á vez son condicións esenciais da contratación:-

- a. Limpeza das zonas comúns.
- b. Dinamización do mercado con oferta cultural e musical.

2. Tanto a futura asociación como o Concello de Betanzos poderán situar postos móbiles no espazo común do mercado (p.e carriño de xeadado / carriño da Oficina de Turismo ou punto de información do Camiño de Santiago). Previa consulta e aprobación do Concello.

Os ingresos por esa utilización por parte da futura asociación servirán para colaborar a sufragar os gastos comúns da mesma.

3. A asociación debe propoñer un sistema para que os clientes poidan pedir, pagar e recoller o seu pedido na barra de cada un dos postos. O sistema de pedidos pode ser tradicional. O sistema de



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

pedidos pode ser ademais dixital, mediante un QR nas mesas e un software (a definir pola asociación).

4. A Asociación ten que presentar unha proposta de louza, vestimenta e limpeza para todo o mercado, aberta a distintas posibilidades:

- Louza común a todos os postos (preferible) e un punto de limpeza/office común a todo o mercado.
- Vestimenta común sinxela do persoal coa imaxe de marca do mercado adaptada ao manual de estilo do mercado, logo, cor...

5. A futura asociación deberá usar e manter a web do mercado de Betanzos e que será achegada polo concello, mercadobetanzos.com, así como xestionar a pasarela de pago. O acceso a web será libre para os comerciantes adheridos ao centro comercial aberto de Betanzos e outros comerciantes do Concello de Betanzos, en todo caso todos estes coparticiparán no mantemento da mesma.

6. A futura asociación deberá contratar unha única empresa de envíos para dar servizo a domicilio e a través dos armarios intelixentes municipais. O acceso a este servizo será libre para os comerciantes adheridos ao centro comercial aberto de Betanzos, en todo caso estes coparticiparán no mantemento do mesmo.

7. A futura asociación deberá usar e manter os armarios intelixentes municipais. O acceso aos armarios tamén estará aberto aos comerciantes adheridos ao centro comercial aberto de Betanzos. Sen prexuízo de que colaboren co mantemento do mesmo.

B) DEBERES INDIVIDUAIS

1. Os postos dispoñibles para o estarán destinados á actividade de hostalaría ou gastronomía ofertada, aínda que se pode propor un uso distinto nalgún deles (p.e reserva do espazo para eventos privados; limpeza común do mercado, almacén, cociña permanente común para varios postos, posto rotativo, artesanía, xeados, turismo, Reserva da Biosfera).

2. Cada adxudicatario pode unir varios postos contiguos entre si, cunha apertura máxima do tabique que os une de 1,5m. As obras correspondentes a esta modificación correrán a cargo do adxudicatario.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

3. Os rótulos exteriores dos postos deben estar unificados coa tipografía e materialidade definida polo Concello. Previa autorización do concello poderanse admitir elementos publicitarios sempre cun estilo acorde co edificio e segundo o manual de marca e estilo do Concello, a dita autorización incluso podería alcanzar á denominación dalgún dos postos para darlle un nome en base a algún acordo publicitario con distintas marcas.

3. No mercado, as mesas e cadeiras/butacas serán comúns a todos os postos, fóra das mesas da terraza do posto 0.02a e 0.02b na planta baixa que serán do seu uso exclusivo (sometido a taxa por ocupación de Dominio público por uso da terraza, no caso de que a use), e serán dun estilo aprobado polo concello e coincidente co manual de estilo e marca aportado polo Concello.

4. O concesionario deberá garantir un horario mínimo de apertura no caso de establecementos de hostalaría, que deberá comezar, como mínimo, ás 12:00 horas e prolongarse até o horario de peche autorizado. Poderán establecerse tamén quendas de mañá, cun inicio ás 08:00 horas ou anterior, para ofrecer servizo de almorzos. Cada local poderá pechar un máximo de dous días á semana, agás sábados e domingos, nos que será obrigatoria a apertura. Tamén será obrigatoria a apertura nas festividades locais.

Os postos de peixe, froitería, carnicería, verduras e aqueles distintos de hostalaría terán horario mínimo de 09:00 a 14:00. Cinco días mínimos á semana.

En todo caso respectarase o réxime de horarios que figure na licenza municipal de cada local e a Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

En Betanzos, a 18 de xullo de 2025

A alcaldesa, María Barral Varela



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D....., con DNI....., e domicilio en, concello de, provincia de, en nome propio ou en representación da empresa....., con CIF..... e domicilio social en....., á que representa no PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS DO INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL, ADICADO A EDIFICIO COMERCIAL PARA ACTIVIDADE DE VENDA DE ALIMENTACIÓN AO POR MENOR, SITO NA RÚA PESCADERÍA, MUNICIPIO DE BETANZOS, segundo poder vixente ao día da data, comparecendo polo presente ante o órgano de contratación do Concello de Betanzos,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.- - Que a empresa á que represento dispón de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional, necesaria para que lle sexa adxudicada a CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL, ADICADO A EDIFICIO COMERCIAL PARA ACTIVIDADE DE VENDA DE ALIMENTACIÓN AO POR MENOR, SITO NA RÚA PESCADERÍA, MUNICIPIO DE BETANZOS.

- O obxecto social da empresa comprende a actividade a desenvolver no ben inmoble obxecto do presente procedemento de outorgamento de concesión demanial -actividade de venda de alimentación ao por menor-, de acordo co recollido no artigo dos seus estatutos sociais, estatutos que se atopan correctamente inscritos nos rexistros correspondentes na seguinte inscrición (indicar os datos de inscrición e do Rexistro):

.....

Segundo.- Que nin quen subscribe esta declaración persoalmente, nin a empresa, en cuxo nome actúa, nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración das previstas nos artigos 71 e 140.1.a) 3º da Lei de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Que a citada empresa atópase, nestes momentos, ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos en que estas se definen nos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (en diante



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

RGLCSP), e non ten débedas tributarias pendentes de pago co Concello de Betanzos nos termos previstos no artigo 7.1 d) do Real Decreto citado anteriormente.

Cuarto.- Que a empresa á que represento non se atopa dada de baixa no Imposto de Actividades Económicas na matrícula correspondente, segundo o artigo 15 do RGLCSP e no seu caso (marcar o que proceda):

Epígrafe ou epígrafes de matrícula do imposto (IAE) nos que está dado de alta:

Estar exento do pago do imposto (IAE): (Indicar: ☐ si/☐ non)

Estar ao corrente no pago do imposto (IAE): (Indicar: ☐ si/☐ non)

Quinto.- Que a empresa á que represento está inscrita no Rexistro Xeral de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou/e no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (creado por Decreto 262/2001):

Rexistro Xeral de licitadores e empresas clasificadas do Estado (Indicar: ☐ si/☐ non) co nº de inscrición, manifestando que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación, de acordo co previsto no artigo 140.3 LCSP.

Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia: (Indicar: ☐ si/☐ non) co nº de inscrición, manifestando que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación, de acordo co previsto no artigo 140.3 LCSP.

Sexto.- Que, conforme ao artigo 42.1 do Código de Comercio, a empresa á que represento (marcar o que proceda):

☐ Non pertence a un grupo de empresas.

☐ Pertence ao grupo de empresas(adxunto anexo coa relación das empresas pertencentes ao grupo).

Que a esta licitación presentarán ofertas as seguintes empresas integradas no mesmo grupo empresarial do que forma parte a que represento:

.....



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

.....
.....
Enténdese por sociedades dun mesmo grupo empresarial aquelas que se atopen nalgún dos supostos contemplados no artigo 42.1 do Código de Comercio

Sétimo.- Que, de acordo co sinalado no art. 140.1,a) 2º da LCSP, cumpre todas as condicións establecidas no PCAP de capacidade de obrar e xurídica, da habilitación profesional, clasificación e/ou solvencias económica, financeira, técnica ou profesional para contratar con esa administración local (Concello de Betanzos), esixidas polo art. 140.1 da LCSP e reguladas no PCAP.

Oitavo.- Que aos efectos do artigo 133 da LCSP, declaro constitutivos de seren confidenciais, os seguinte documentos administrativos: (Relacionar).

Noveno.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados para o desenvolvemento da actividade mercantil no inmovible obxecto de concesión demanial, o cumprimento das obrigacións ambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscritas pola Unión Europea.

Décimo.- Que (Indicar: ☐ si/☐non) acepto o correo electrónico para recibir notificacións e comunicacións relacionadas co presente expediente na seguinte dirección:.....(de acordo co art. 151.3 e coa disposición adicional décimo quinta.1 da Lei 9/2017).

Décimo primeiro.- A declaración responsable á que se refiren os parágrafos anteriores faise sen prexuízo da obriga de xustificar documentalmente ditas circunstancias, no suposto de resultar proposto como concesionario, no prazo que sinala o órgano de contratación anterior á adxudicación definitiva da concesión.

- Declaro para os efectos do previsto no art. 140 do LCSP, que posúo ou a empresa á que represento posúe todos estes requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable, e autorizando expresamente ao Concello de Betanzos a solicitar os datos e información respecto diso que precise para a súa verificación.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

E para que conste e xurdan os efectos no expediente ao que se refire a proposición á que se incorpora esta declaración responsable, asino a presente en....., a.... de.....de 202_.

Sinatura:.....



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO III

Oferta de proposición económica e criterios cuantificables de forma automática PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS DO INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL, ADICADO A EDIFICIO COMERCIAL PARA ACTIVIDADE DE VENDA DE ALIMENTACIÓN AO POR MENOR, SITO NA RÚA PESCADERÍA, MUNICIPIO DE BETANZOS

D....., con DNI....., e domicilio en, concello de, provincia de, en nome propio ou en representación da empresa....., con CIF....., á que representa no PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACION DA CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS DO INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL, ADICADO A EDIFICIO COMERCIAL PARA ACTIVIDADE DE MERCADO SITO NA RÚA PESCADERÍA, MUNICIPIO DE BETANZOS, do Concello de Betanzos, segundo poder vixente ao día da data, con pleno coñecemento das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato,

-Presenta a seguinte OFERTA DE CANON ANUAL VINCULANTE

(importe mínimo:

LOTE 4 e 6: 216,96 euros anuais por cada ún dos lotes.

LOTE 1 e11: 1533,12 euros anuais por cada ún dos lotes.

RESTO DE LOTES: 766,56 euros anuais por cada ún dos lotes.)

Oferta económica ANUAL en números:.....

Oferta económica ANUAL en

letras:.....

Prelación de postos:

POSTO PREFERIDO 1:.....

POSTO PREFERIDO 2:.....

POSTO PREFERIDO 3:.....

POSTO PREFERIDO 4:.....

POSTO PREFERIDO 5:.....

POSTO PREFERIDO 6:

PRETENDO AGRUPAR OS POSTOS: (UNHA OFERTA POR CADA POSTO):



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

-A empresa está adherida á marca Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (marque cun X):

SI

NON

- A empresa comprométese a adherirse á marca Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (marque cun X):

SI

NON

En....., a.... de.....de 202_

Sinatura:.....



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO IV

DECLARACIÓN DE GRUPO DE EMPRESAS

PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACION DA CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS DO INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL, ADICADO A EDIFICIO COMERCIAL PARA ACTIVIDADE DE VENDA DE ALIMENTACIÓN AO POR MENOR, SITO NA RÚA PESCADERÍA, MUNICIPIO DE BETANZOS

D/D^acon DNI nº....., na súa condición de representante legal da empresa, con CIF n.º, ao obxecto de tomar parte no PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACION DA CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS DO INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL, ADICADO A EDIFICIO COMERCIAL PARA ACTIVIDADE DE VENDA DE ALIMENTACIÓN AO POR MENOR, SITO NA RÚA PESCADERÍA, MUNICIPIO DE BETANZOS, **DECLARA:**

Que a empresa á que represento pertence ao mesmo grupo de empresas, denominado, que outra/s empresa/s licitadora/s no procedemento de adxudicación e/ou está integrada por algún socio no que concorra algún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio en relación cunha/s sociedade/s tamén licitadora/s no procedemento de adxudicación.

A relación da/s empresa/s na/s que concorre/n esta circunstancia/s é a seguinte:

.....
.....
.....

Que a entidade á que represento, de acordo co disposto no artigo 86 do RXLCAP en relación co artigo 149.3 da LCSP, comprométese a achegar ou, no seu caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada.

E para que conste e xurdan os efectos no expediente ao que se refire a proposición á que se incorpora esta declaración, asino a presente en....., a..... de.....de 202_.

Sinatura:.....